DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Sr. D. Abel Caballero Álvarez
Alcalde de Vigo
Praza do Rei, 1
Vigo

Pontevedra, 22 de setembro de 2023

Estimado alcalde:

Agradezo na súa carta o desexo compartido de que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo manteñan unha cooperación institucional proveitosa xa que calquera outro escenario, penso, iría en contra da vontade xeneralizada dos cidadáns aos que nos debemos.

Como manifestamos en repetidas ocasións, a cooperación cos concellos é un fundamento irrenunciable desta institución que o novo goberno provincial respecta, valora e reforza en todos e cada un. Naturalmente, ese principio tamén estivo vixente naqueles municipios que, como Vigo, teñen necesidades singulares polo seu peso demográfico, social e económico, entre outros.

Así o demostra a existencia desde hai máis de 15 anos dunha sede da Deputación que o Concello, coincidindo coa entrada dun novo goberno provincial, pretende rescindir nunha decisión que, consideramos, atenta directamente contra os principios de respecto institucional e colaboración mutua que se din defender.

No mesmo senso, así como seguiremos defendendo a presenza institucional da Deputación na cidade, nas últimas semanas tamén amosamos con feitos ese compromiso inequívoco cos vigueses.

Ademais de dotar á Deputación dunha Vicepresidencia para coordinar a acción de goberno en Vigo, tamén amosamos a nosa vontade expresa de continuar a remodelación do estadio municipal de Balaídos, tal e como manifestou publicamente a vicepresidenta primeira. Entendemos, por outra banda, que o futuro de Balaídos debe resolverse por medio dun acordo claro e transparente entre todas as partes implicadas.

A este respecto, permítame confirmarlle a decisión de que sexa precisamente a Vicepresidencia primeira a interlocutora e representante da Deputación naquilo que afecta ao proxecto do estadio, así como en calquera outra cuestión de cidade.

Por todo o expresado, e en resposta á súa solicitude de reunión, propoño materializar ese encontro entre vostede, a vicepresidenta primeira e eu como presidente nunha data próxima a acordar polos nosos respectivos equipos.

Reciba un cordial saúdo,

Luis López Diéguez
Presidente da Deputación de Pontevedra

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: ****0000*)
Cargo: Presidente
Data: 22/09/2023 15:02

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código Seguro de Verificación (CSV): 74JHDHHVTDQ51